

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*ORDE do 22 de decembro de 2017 pola que se establece a compensación económica aos colexios de avogados de Galicia polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2017 e o primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018.*

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, así como tamén á defensa e á asistencia de letrado. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da Carta Magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Coa entrada en vigor da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, esta materia foi obxecto dunha fonda reforma, e como consecuencia do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, polo que a Administración do Estado lle transferiu a Galicia os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, entre os cales se atopa o aboamento da indemnización económica aos colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta, a Comunidade Autónoma galega realizou o desenvolvemento normativo da dita Lei 1/1996, nun primeiro momento a través do Decreto 146/1997 e posteriormente, coa pertinente reforma deste para a súa necesaria adaptación ao contexto actual, mediante o vixente Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño.

De acordo co establecido no artigo 39 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, e logo da obrigada consulta cos colexios de avogados de Galicia e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, procede establecer os módulos e bases de compensación, con cargo aos orzamentos de gastos para o ano 2018, pola prestación do servizo de asistencia letrada e defensa gratuítas.



Así mesmo, a Orde do 2 de agosto de 2012 desenvolve a regulación das certificacións e xustificacións trimestrais establecidas no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.

En consonancia co anteriormente exposto,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Durante o cuarto trimestre do ano 2017 e o primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018 as cantidades do baremo da compensación económica da asistencia xurídica gratuíta serán as especificadas no anexo da presente orde. Estas cantidades deberán ser certificadas trimestralmente polos colexios de avogados, seguindo estritamente a ordenación de tipoloxías recollidas no modelo que figura no anexo da presente orde, de acordo cos artigos 38.3 e 44 do Decreto 269/2008, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, e tendo en conta o disposto nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 2 de agosto de 2012.

Segundo. Os avogados percibirán o 100 % da compensación económica correspondente á súa actuación profesional cando acrediten a realización dalgún dos seguintes trámites procesuais:

a) En materia de asistencia letrada ao detido ou preso, unha vez finalizada a intervención profesional e que o avogado presente o parte selado polo órgano xudicial ou policial onde se levou a cabo a asistencia e no que se recollan os seguintes datos como mínimo:

- Nome e número de colexiado do avogado.
- Nome e DNI do asistido ou asistidos. No caso de estranxeiros, número de pasaporte ou de tarxeta de residencia.
- Motivo polo cal o asiste e, se for o caso, da detención, e número de dilixencias policiais ou xudiciais.

Cando o colexio de avogados teña establecida unha quenda de garda, pagarase unha única compensación por cada quenda de garda. Se o número de asistencias realizadas a persoas diferentes é superior a cinco dentro dunha mesma garda, o avogado percibirá unha compensación equivalente ao dobre do módulo establecido, sexa cal sexa o número de asistencias realizadas.



b) Nos procesos penais, a presentación da copia da dilixencia ou solicitude da actuación procesual na que interveña o letrado, ou a apertura do xuízo oral.

c) Nos procesos civís, a presentación da copia da resolución xudicial de admisión da demanda ou de ter por formulada a contestación dela.

d) Nos demais procesos, a presentación da copia da dilixencia xudicial acreditativa da intervención do avogado.

e) Nas apelacións civís, a presentación da copia da resolución xudicial pola que se admite a trámite o recurso ou, se procede, a comparecencia ante a sala.

f) Nas apelacións penais, a presentación da copia da resolución xudicial na que se teña por formalizado ou impugnado o recurso ou o sinalamento para a vista.

g) Nos recursos de casación formalizados, a presentación da copia da resolución xudicial pola que se teña por interposto o recurso.

h) Nos anuncios de recurso de casación que non chegan a ser formalizados, a presentación da copia do anuncio do recurso, debidamente xustificada.

i) Nas transaccións extraxudiciais e informe de insostibilidade da pretensión, a presentación do documento de transacción suscrito polos interesados ou do informe de insostibilidade dirixido ao colexio.

j) Nas desistencias extraxudiciais por pasividade do interesado, a presentación de xustificación escrita do letrado.

k) Nas execucións de sentenzas que se produzan transcorridos máis de dous anos despois de ditada resolución xudicial, a presentación da copia de petición de execución, debidamente acreditada.

Os documentos referidos poderán ser substituídos por copia selada polo órgano xudicial da primeira folla do escrito presentado.

Terceiro. En cumprimento do establecido no artigo 44.1 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e do disposto na Orde do 2 de agosto de 2012, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre o colexio de avogados remitirá á Dirección Xeral de Xustiza unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos



profesionais durante ese período nas cales exista recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como a relación desagregada a que fai referencia a Orde do 2 de agosto de 2012.

Cuarto. En cumprimento do establecido no artigo 48 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e segundo o disposto na Orde do 2 de agosto de 2012, os colexios de avogados deberán remitir a xustificación trimestral dos fondos percibidos á que se refire o artigo 47 do devandito Decreto 269/2008.

#### Disposición adicional

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001), e a súa eficacia queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas dela.

#### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2017

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

#### ANEXO

### **Módulos e bases da indemnización pola prestación do servizo Baremos para o cuarto trimestre do ano 2017 e o primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2018**

Avogados/tipoloxía.

– Asistencia ao detido ou preso.

Código	Denominación	Módulo
101	Asistencia individualizada	112,00 €



## – Xurisdición penal.

Código	Denominación	Módulo
201	Procedemento ante o tribunal do xurado	500,00 €
202	Asistencia diaria á vista ante o tribunal do xurado a partir do segundo día	119,00 €
203	Procedemento ordinario por delito	475,00 €
204	Procedemento abreviado de especial complexidade (causa de máis de 1000 folios)	475,00 €
206	Procedemento penal abreviado	345,00 €
207	Procedemento de axuizamento rápido de delitos sen conformidade	355,00 €
208	Procedemento de axuizamento rápido de delitos con conformidade	235,00 €
209	Procedemento para o xuízo sobre delito leve	155,00 €
2010	Menores. Proceso terminado con sentenza	240,00 €
2011	Menores. Proceso con outras formas de terminación	180,00 €
2012	Recurso ante o xulgado de vixilancia penitenciaria con intervención preceptiva ou designación de avogado por requirimento xudicial, conforme o artigo 21 da Lei de asistencia xurídica gratuíta	160,00 €
2015	Recursos de apelación a sentenzas e autos finais. Proceso por delito	160,00 €
2016	Recursos de apelación. Procedemento sobre delitos leves	130,00 €
2017	Defensa xurídica inmediata da muller en dilixencias policiais, tramitación da orde de protección e procedementos administrativos que traian causa directa ou indirecta de violencia doméstica	112,00 €
2018	Defensa xurídica do presunto agresor na comparecencia xudicial da orde de protección	95,00 €

## – Xurisdición civil.

Código	Denominación	Módulo
301	Procedemento ordinario	360,00 €
302	Xuízo verbal	240,00 €
303	Proceso contencioso de familia completo	355,00 €
304	Proceso de familia de mutuo acordo	240,00 €
305	Medidas provisionais previas e coetáneas en procesos de familia	95,00 €
306	Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	330,00 €
307	Proceso sobre filiación ou capacidade, agás os internamentos do artigo 763 da Lei de axuizamento civil	240,00 €
308	Monitorio	119,00 €
309	Actuación nun proceso como contador partidor	260,00 €



Código	Denominación	Módulo
3010	Proceso de división xudicial de patrimonios completo	240,00 €
3011	Execucións de títulos xudiciais con oposición e posteriores a dous anos	180,00 €
3012	Cambiarío e execución de títulos non xudiciais	180,00 €
3013	Expedientes de xurisdición voluntaria e internamento non voluntario por razón de trastorno psíquico	180,00 €
3014	Recursos de apelación	160,00 €

– Xurisdición contencioso-administrativa.

Código	Denominación	Módulo
401	Recurso contencioso-administrativo. Procedemento ordinario	360,00 €
402	Recurso contencioso-administrativo. Procedemento abreviado	240,00 €
403	Vía administrativa (estranxeiría e asilo)	119,00 €
404	Recursos de apelación	160,00 €
405	Entrada en domicilio	112,00 €

– Xurisdición social.

Código	Denominación	Módulo
501	Procesos da xurisdición social (ordinarios e especiais)	265,00 €
502	Recursos de suplicación	160,00 €

– Xurisdición militar.

Código	Denominación	Módulo
601	Proceso íntegro	225,00 €

– Recursos de casación e amparo.

Código	Denominación	Módulo
701	Recurso de casación	360,00 €
702	Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio	110,00 €
703	Recurso de amparo	360,00 €

– Actuacións extraprocesuais.

Código	Denominación	Módulo
801	Transaccións extraxudiciais	(*) 75 %



Código	Denominación	Módulo
802	Informe motivado da insostibilidade da pretensión	80,00 €
803	Desistencia previa ao proceso por pasividade da persoa axuizable, estudo e preparación do asunto previos á presentación da demanda	(*) 30 %

– Normas xerais.

Código	Denominación	Módulo
901	Achantamento	(*) 30 %
902	Execución de sentenza posterior aos dous anos de ditada a resolución xudicial, agás na xurisdición civil	(*) 30 %
903	Saídas a centros de prisión e centros de internamento de menores en réxime pechado (máximo de dúas saídas por proceso)	30,00 €
904	Desprazamentos para a asistencia a xuízo oral (avogados con despacho oficial nun partido xudicial distinto ao da sede do xulgado do penal ou da audiencia provincial)	41,00 €
905	Medidas cautelares e dilixencias preliminares	100,00 €
906	Reconvención	119,00 €

(\*) Sobre o módulo aplicable ao procedemento

